

**Acta da Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira o
día 26 de Agosto do 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: MARTINEZ DE LLANO OROSA JOSE Membros que non asisten:
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e seis de Agosto do Dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- SOLICITUDE DE ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS. SOLICITANTE: PATRICIA PORRÚA MONTERROSO. DNI: 52.939.006K. EMPRESA: CENTRO DE PSICOLOXÍA SANITARIA "PSICO - BALANCE" (NON INICIADA A ACTIVIDADE)

D^a. Patricia Porrúa Monterroso, con DNI 52.939.006K, solicitou espazo no Viveiro de Empresas na data 12/07/2021, núm. rexistro entrada 12.298.

O proxecto, que aínda non está en marcha, e para o cal solicita un espazo no Viveiro, desenvolverase dentro do sector servizos.

O Centro de psicoloxía sanitaria "PSICO - BALANCE" nace coa finalidade de ofrece atención psicolóxica a adolescentes e adultos que cursen síntomas relacionados con desordes emocionais e problemas de ansiedade.

Desde Psico-Balance ofrécese o completo acompañamento da persoa naquela situación pola cal acude a consulta. Farase a análise do caso (diagnóstico, condutas problema, áreas de conflito), os obxetivos conxuntos co paciente (planificación da intervención ou terapia), a implementación da terapia e a valoración e seguimento do paciente (1 mes, 3 meses e 6 meses tras a alta).



Este servizo pretende cubrir as necesidades da poboación xeral e daquela poboación clínica que requira unha atención en saúde mental para doenzas de leves a moderadas, sendo derivada a servizos especializados de psiquiatría no caso de trastornos graves.

Dentro da terapia psicolóxica cognitivo-conductual na actualidade as técnicas utilizadas mestúranse de forma ecléctica para acomodarse a idiosincrasia do paciente, sendo as mais comúns: a psicoeducación, as técnicas de relaxación, as técnicas cognitivas (autorregistros, reestruturación cognitiva, reconstrucción narrativa...), técnicas conductuais (programación de actividades, técnicas de afrontamento, role-playing...), o mindfulness (meditación, aceptación...), etc.

En base aos datos achegados pola solicitante o proxecto considérase viable, aínda que non está en funcionamento. Estímase que comece a súa andadura o vindeiro 1 de setembro de 2021 e os resultados que mostran no seu plan empresarial son positivos e van crescendo no tempo, haberá que comprobar si co paso do tempo se cumpren as expectativas cando a empresa estea en funcionamento e se dea a coñecer.

Visto que a empresa aínda non está en funcionamento e visto o “artigo 3.- Beneficiarios”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que:

“1. Poderán ser beneficiarios do Viveiro de Empresas os emprendedores e/ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

(...) a. Empresas novas que comecen a súa actividade no Viveiro de empresas. Estas empresas terán prazo dun mes desde a adxudicación para xustificar o inicio da actividade (...)”

Visto o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.”

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de desenvolvemento local, María Paz Vidal, de data 17/08/2021, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro.- Ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira a Patricia Porrúa Monterroso, para poñer en funcionamento a súa empresa “Psico – Balance”. A posta en funcionamento da empresa terá que xustificala no prazo dun mes dende a adxudicación do espazo no viveiro de empresas. Neste espazo poderá levar a cabo a súa actividade durante un período de 2 anos a contar dende a data que recolla o contrato de cesión.

Segundo.- Facerlle entrega, no momento da sinatura da cesión do espazo no Viveiro de Empresas do “Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Ribeira”, dun xogo de 3 chaves das entradas do Viveiro de Empresas, unha chave da oficina e dos planos do Viveiro de empresas.



2.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 17.08.2021:

13001 26.07.2021 JUANA MARIA ÁLVAREZ PÉREZ, cambio de cuberta, ventanas y mantenimiento de fachada, en Carretera General, 58, Castiñeiras.
13090 27.07.2021 KATIA DEL RIO IGLESIAS, renovación de cuberta y cambio de carpintería exterior, en rúa Miñoteiro, 83, Palmeira.
13100 27.07.2021 JOSÉ VIDAL VIDAL, construción de muro en A Graña, 57.

3.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN DE AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (LIC. OBRA 56/15)

Visto o escrito presentado por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 08/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.075), no solicita a devolución do aval e fianza depositados pola realización de obras de canalización de gas natural para industria Conserveros Reunidos, S.A. (LIC. OBRA 56/15).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de canalización de gas natural para industria Conserveros Reunidos, S.A. (LIC. OBRA 56/15), polo valor de 74.863,96 € e 44.363.92 €, respectivamente.

4.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a SANDRA GONZÁLEZ VIDAL POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POLO SEU FILLO COMO CONSECUENCIA DUNHA CAÍDA NA RÚA MANZANARES. EXPEDIENTE 2020 RESP000011.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a SANDRA GONZÁLEZ VIDAL** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 25 de xullo de 2020, D. Aaron Rodríguez González, menor de idade, con DNI número 53798982G, circulaba en bicicleta pola Rúa Manzanares cara o seu domicilio sito na Rúa de Galicia, cando, á altura do número 48 da citada Rúa Manzanares, tropezou cunha baldosa que se atopaba en mal estado o que fixo que perdesa o equilibrio, dando unha volta completa no aire coa bicicleta, caendo, posteriormente, ao chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, tivo que ser atendido nos servizos de urxencia do Hospital da Barbanza por mor de policontusións.



Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 27/07/2020 co número 8.999, D^a Sandra González Vidal, nai do menor accidentado, e polo tanto na súa representación, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e lesións sufridas pola mencionada caída.

Co escrito de presentación da súa reclamación, achega copia da acta de comparecencia en sede policial, copia do informe de alta de urxencias do Hospital da Barbanza, copia do xustificante do seu traslado ao Hospital, e unha fotografía do lugar da caída.

Posteriormente, e a requirimento desta Administración, presenta escrito, rexistrado de entrada na data 03/12/2020, co que achega facturas dos danos ocasionados por mor do accidente sufrido, que cuantifica na contía total de 286,8 euros, que desglosa da seguinte maneira:

- Arranxo da bicicleta: 167 euros, segundo factura emitida por “Sportbike Galicia, S.L.”
- Arranxo do teléfono móbil: 119,80 euros, segundo presuposto emitido por “Movilgalicia”.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informes emitidos nas datas 25/07/2020 e 08/02/2021 pola Policía Local; Actas testificais realizadas na data 04/06/2021; e informe emitido na data 29/07/2021 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Sandra González Vidal para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións sufridos que pretende, por ser o seu fillo menor de idade o que padeceu as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data 25/07/2020 en vía pública, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sucedido.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, debendo prestar, en todo caso, o servizo de *“pavimentación de vías públicas urbanas”*, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Polo que se refire ao fondo material da cuestión que suscita a reclamación presentada pola Sra. González Vidal, cómpre ter en conta que **o dano físico e material ten**



que ser aceptado como certo á vista dos informe clínicos obrantes no expediente e dos demais documentos que refiren as lesións sufridas polo paciente e o seu alcance, así como os danos na bicicleta e no teléfono móbil.

Agora ben, a soa constatación dese dano físico non é, per se, determinante de xeito directo da imputación da responsabilidade patrimonial que se preconiza pola reclamante, sendo necesario que aquela constancia veña acompañada, nunha relación directa de causalidade, da certeza dun defectuoso funcionamento do servizo público viario municipal.

En canto a este último aspecto, no caso que nos ocupa, semella ser manifesta a existencia dun defecto estrutural na beirarrúa pola que circulaba o fillo da reclamante, pola existencia de baldosas en mal estado. Así a Policía Local do Concello de Ribeira en informe emitido na data 25/07/2020 dispón o seguinte: "(...) Personados en el lugar comprobamos como evacuan en ambulancia el menor Aaron Rodríguez González (...), el cual se quejaba de dolor en una rodilla, a causa de la caída que se produjo cuando circulaba en bicicleta, en sentido contrario a la circulación, por la rúa Manzanares con dirección a Rúa de Galicia. Realizada la inspección ocular se pudo comprobar que se encuentra una loseta de acera con un desnivel de 3 centímetros en la calzada, tras lo observado y sus declaraciones, podemos intuir que la caída se produjo a consecuencia del desnivel del suelo debido a la loseta que se encontraba movida."

O referido informe é ratificado en informe emitido na data 08/02/2021 polos axentes actuantes no momento do accidente, referindo o seguinte: "(...) 2º.- Al llegar los agentes actuantes al lugar de la caída, se pudo comprobar ciertas anomalías en algunas losetas de la vía, las cuales están identificadas mediante reportaje fotográfico en el informe policial. 3º.- Tras los datos recogidos mediante la declaración de la persona implicada, así como el estado en el que se encontraba la calzada, es posible intuir y digo intuir, (porque cuando la patrulla actuante llegó al lugar del incidente, no había mayor indicio que las suposiciones y declaraciones de la personas que a pie de calle manifestaban y que no fueron otras que las del padre y la madre de la persona afectada.), que posiblemente la caída se produjese como consecuencia del desnivel del suelo. 4º.- Hacer constar, que llegados al lugar de los hechos no se advirtió la existencia de ninguna bicicleta, aunque si bien, el padre del accidentado, manifestó que ya la habían retirado del lugar."

Por outra banda, a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 29/07/2021 sinala canto segue: "(...) En la fecha de la caída, esto es, el día 25 de julio de 2020, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna inspección del citado lugar, por lo que se desconoce el estado exacto del mismo en la fecha del accidente. Solamente puede constatarse por las fotografías que constan en el informe realizado por la Policía Local, en las que se puede apreciar la existencia de una losa de la calle en mal estado al no estar debidamente sujeta, ocasionando un desnivel y suponiendo un obstáculo para los peatones que transiten por esa calle. De todas formas, con motivo de la reclamación presentada de la que se dio cuenta a este departamento desde los servicios de la secretaria general, en el mes de marzo del presente año, se procedió a la inspección del lugar del accidente, tomando una fotografía que se une a este informe, y en la que se aprecia que recientemente se ha procedido al arreglo de la losa. Por lo demás la calle presenta un buen estado general, sin ningún defecto aparente que pueda suponer un obstáculo para el caminar de los viandantes. No se tiene constancia de otras reclamaciones o quejas por la situación de la calle y no se tiene nada más que añadir al respecto."



E sendo o defecto estrutural da beirarrúa un feito constatado, a dificultade radica precisamente en determinar se existe unha vinculación directa entre o defecto da rúa e o dano xerado á reclamante. A este respecto, **a Sra. González Vidal presenta dúas testemuñas directas do accidente**, xa que no momento da caída o seu fillo ía acompañado de dous amigos que deixan constancia do sucedido nas Actas testemuñais realizadas na data 04/06/2021 e que constan no expediente.

Polo exposto, **pódese chegar á convicción razoable da existencia dun enlace directo entre o deficiente estado da rúa e o resultado danoso**, xa que non só puido constatarase o defecto da rúa senón tamén o resultado lesivo que produciu a caída do menor ó chan polos servizos médicos que o atenderon.

Respecto ao *quantum indemnizatorio* que, como consecuencia, procede admitir, estímase correcto os 286,8 euros solicitados pola reclamante, e que se corresponden co custo e reparación dos danos que tivo que sufrir a reclamante por mor da caída do seu fillo.

Por todo o exposto, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/08/2021, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/08/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Sandra González Vidal polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, na contía de 286,8 euros.

A citada indemnización abonarase do seguinte xeito: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, por sela cantidade establecida como franquicia nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas; e a contía restante de 136,8 euros será abonada pola aseguradora Mapfre Seguros de Empresas.

5.- VAO PERMANENTE – Juan Lustres Ramallo

Visto o escrito presentado por **Juan Lustres Ramallo**, de data 16/08/2021 (Rexistro de entrada nº 14.271), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Touro, nº 52 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 17/08/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Conceder a Juan Lustres Ramallo autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (2,70 m.) na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Touro, nº 52 (Ribeira), (A praca deberá instalarse nun lugar o máis visible posible) según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



6.- APROBACIÓN DO “REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO” DO PROGRAMA DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL SERRA DO BARBANZA-RIBEIRA E PORTO DO SON

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Relacións Institucionais, Turismo, Promoción e Dinamización Económica, Ramón Doval Sampedro, de data 23/08/2021, no que solicita a aprobación do Regulamento do réxime interno do Programa de Emprego de Garantía Xuvenil “Serra do Barbanza”.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o Regulamento do réxime interno do Programa de Emprego de Garantía Xuvenil “Serra do Barbanza”, según o contido da citada proposta.

7.- APROBACIÓN PAGO A PREMIADOS DO “PREMIO ATLANTE DE GRAVADO (EDICIÓN 2020) – ANO 2021”

Visto o informe con proposta de resolución emitida polo Dinamizador do Museo Municipal de Ribeira, Miguel Ángel Vidal Lojo, de data 20/08/2021, no que propón a tramitación do pago aos premiados do “Premio Atlante de gravado (Edición 2020) – Ano 2021”.

Vista a documentación que consta no expediente, con certificación do fallo do Padroado da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, de data 19/08/2021, que inclúe o listado dos premiados do “Premio Atlante de gravado (Edición 2020) – Ano 2021”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o pago aos premiados do “Premio Atlante de gravado (Edición 2020) – Ano 2021”, según a seguinte relación, que consta no expediente:

- Nuria Pena Figueruelo: 5.000,00 €
- Manuel Lareo Fernández: 2.000,00 €
- Tomasz Grzegorz Winiarski: 2.500,00 €
- Regina Miriam Bronfman: 2.500,00 €
- Deborah Chapman: 2.500,00 €

8.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2021-2022

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego**, de data 23/08/2021, na que solicita a aprobación da convocatoria de axudas á escolarización para o próximo curso 2021-2022.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/08/2021.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



a) Aprobar a convocatoria das axudas á escolarización para o curso académico 2021-2022, segundo as bases que constan no expediente, en dúas modalidades:

- A: Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.
- B: Con carácter excepcional, Condicionada á existencia de crédito orzamentario, e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar o motivo da excepcionalidade na solicitude.

E segundo a seguinte táboa orzamentaria:

Partida orzamentaria: 231A 480.15	TOTAL	40.000 €
	COMEDORES ESCOLARES	38.000 €
	ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR	2.000€

b) Que se proceda á súa publicación nos boletíns oficiais que correspondan.

9.- AUTORIZACIÓN RESERVA DE PLAZA DE ESTACIONAMIENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA E PINTADO DE LIÑA AMARELA -Carlos Abelleira Barreiro

Visto o escrito presentado por **Carlos Abelleira Barreiro**, de data 09/08/2021 (Rexistro de entrada nº 13.935), no que solicita unha reserva de plaza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida e pintado de liña amarela na Avenida da Coruña, nº 41 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 17/08/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a reserva de plaza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, así como o pintado de liña amarela na Avenida da Coruña, nº 41 (Ribeira), según o contido do citado informe policial.

10.- SOLICITUDE PARA A INSTALACIÓN DE CARTEIS INFORMATIVOS DO COLEXIO GARCÍA BAYÓN -Enseduca S.A.L.

Visto o escrito presentado por Mayka Vidal Barral en representación de **Enseduca, S.A.L.**, de data 02/08/2021 (Rexistro de entrada nº 13.447), no que solicita autorización para a instalación de varios carteis informativos do Colexio García Bayón na estrada DP7301.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 17/08/2021 emitido ao respecto pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante:



- Que a titularidade do tramo da estrada DP7301 onde se pretenden ubicar os carteis informativos pertence á Deputación Provincial da Coruña, polo que debería solicitar a súa instalación á mesma.
- De non ser así, poderá solicitar a instalación dos citados carteis informativos a este concello só naqueles tramos de estrada/s que sexan de titularidade municipal. Poderá poñerse en contacto coa Policía Local para que aclaren cantas poida xurdir en relación coa ubicación dos mesmos.

11.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – BAR “LA ESTACIÓN”.

VISTO o escrito presentado por **José Ramón Vilar Dios**, en representación do establecemento **BAR “LA ESTACIÓN”**, de data 19/08/2021 (Rexistro de entrada 14.515), no que solicita permiso para realizar un concertos no establecemento hostaleiro Bar “La Estación”, situado na Avenida do Malecón, Baixo 10 (Ribeira), os días 9, 10, 16, 17, 23, 24 e 30/09/2021, en horario de 21:30h. a 23:30 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a José Ramón Vilar Dios, para realizar un concerto no establecemento hostaleiro Bar “La Estación”, situado na Avenida do Malecón, Baixo 10 (Ribeira), os días 9, 10, 16, 17, 23, 24 e 30/09/2021, en horario de 21:30h. a 23:30 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **representante de BAR “LA ESTACIÓN” (José Ramón Vilar Dios – 53485454N)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respectar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:15 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

